

TEMA 5: OS SÉCULOS ESCUROS E OS PRECURSORES

1.A LINGUA GALEGA: A RESISTENCIA DO POBO

Séculos Escuros (XVI e XVII): período en que **non** houbo produción literaria en galego debido a acontecementos políticos que provocaron a implantación da lingua castelá como lingua da Administración e do ensino.

A transición da Idade Media á Idade Moderna, Galicia viviu unha situación difícil debido á **vitoria de Isabel a Católica fronte a Xoana a Beltranexa**. Isto marca o inicio dos Séculos Escuros (**marxinación do Reino de Galicia** por parte dos Reis Católicos). Estes implantan unha **política centralista** na que a nobreza galega perde o seu poder e a maioría dos cargos políticos, administrativos e eclesiásticos foron ocupados por **persoas foráneas**.

Esta elite dominante impuxo o **castelán como lingua da Administración, da Igrexa e da Educación**. Proceso de **substitución lingüística** entre as clases altas. A lingua ruralízase e dialectalízase porque non ten un modelo oral e escrito.

Desprestixio da lingua e tamén dos galegos (**prexuízos** que se transmiten a través da literatura e refraneiro).

2.MOSTRAS LITERARIAS DOS SÉCULOS ESCUROS (XVI – XVII)

Recadro da **páxina 104**

3.A ILUSTRACIÓN (SÉCULO XVIII)

A situación comeza a cambiar no ámbito da **intelectualidade**. Os ilustrados pretenden unha **mellora integral da sociedade galega**.

Destacaron o **Padre Feixoo** (galego irmán do portugués) e o **Padre Sarmiento** (defende o uso do galego no ensino, na Igrexa e Administración). O Padre Sarmiento recompila o léxico galego. Escribiu o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*.

4.O PRERREXURDIMENTO (SÉCULO XIX)

Período que vai de **1808 a 1863** (dende a invasión das **tropas napoleónicas** ata a publicación da primeira obra integramente en galego, *Cantares gallegos de Rosalía de Castro*).

Nas primeiras décadas do século XIX escribíronse textos **en prosa de carácter propagandístico**.

Tamén hai textos de **literatura de circunstancias**: a obra de teatro *A casamenteira* (1842) de **Antonio Benito Fandiño** (matrimonios de conveniencia) e **dous poemas amorosos de Nicomedes Pastor Díaz** (“Belmiro e Benigno” e “Alborada”).

5.OS PRECURSORES

1853: Galicia quedou dividida nas castro provincias actuais = **Provincialismo** (reivindica a Galicia como única provincia).

Na literatura, aparecen os **precursores** = escritores comprometidos coa defensa do galego e coa recuperación da cultura galega.

Xoán Manuel Pintos (1811 – 1878): *A gaita gallega* (1853), primeiro libro da literatura galega contemporánea, aínda que algunhas das súas páxinas están en castelán e en latín.

Francisco Añón (1812 – 1878): Prolífico poeta. Escribiu poemas de carácter costumista e reivindicativo, como o himno patriótico “A Galicia”.

Certame poético en **1861, Xogos Florais de Galicia**, no que participan Rosalía e Pondal (*Álbum de la Caridad*), primeira escolma da poesía galega contemporánea.